

## Poemas

Xosé Manuel Moo

### Estado de excepción

que esta regra me confirme  
incrustándome no fígado  
perdigóns salgados de argumentos

que me leveden mainos e calados  
os pulmóns  
ata rebentaren por exceso de osíxeno ou por exceso  
de sangue aplaquetada

que as retinas me estalen  
diante do teu corpo diante  
de formigón armado  
de fusil  
de lume  
de ti

### avanzado Estado de descomposición

epitelios vermiculados  
transparentan movementos  
acompañados corpos  
danzan corpos arredor da calor  
incesante  
dos tetos de leite morno arredor  
da loba

as vareixas  
danzan as vareixas arredor  
dos teus dedos vinculantes  
que xotan  
os meus beizos afectados  
polo ventre  
do cal vivo  
que me arde